



Fernando Otero Otero

DE PETÍS À CARRASQUEIRA

Pola metade da semana, empezaban a repartir os *prospectos* das películas que se ían poñer o sábado e o domingo. Viñan en rolos nun saco que traía a liña de Pontevedra. Os *prospectos*, hoxe chamaríanse carátulas, eran unha estampa que reproducía o cartel anunciador da película, coleccionábanse. Hoxe son reliquias de museo. O Avenida era o máis grande e señorial. Tiña un porteiro uniformado de verdade, con traxe de pana verde e gorra de prato, ao que se coñecía como Soquiños. As películas que proxectaban nél eran mellores que as do Victoria. Sempre películas normais, non chegou a haber Arte e Ensaio nin sesión continua. Para iso había que ir a Pontevedra ou a Vigo, ou para mirar Cinerama que en Vigo o montaban no solar dos circos,

fronte o estaleiro de Barreras. En Bueu non se chegaba a tanto. Cando proxectaban unha superproducción como “Ben Hur”, ou así, entón o cartel anunciador era pintado a man por Deolindo, un artista fraco e roxo, que andaba en bicicleta de carreiras.

O Avenida tiña un soportal formado por tres arcos que servían para se abrigar da choiva, co ventanuco das entradas á dereita e dúas portas ás que se subía por tres pasos. No vestíbulo xa, á esquerda partían as escaleiras para o galiñeiro e o anfiteatro cos seus palcos arredor. Alí no primeiro andar, estaba a cantina. Na parte máis alta, a Xeral, o galiñeiro propiamente dito que había que atravesar agochado para non estorbar o feixe de imaxes espallado que saía da máquina, e ao que de tanto en tanto, algún botaba a man para saír na pantalla, e así provocar a protesta e os asubíos dos espectadores. Na planta baixa as butacas que, nun principio foran sen tapizar de madeira limpa, despois foron forradas de granate. Cando a película era das boas estaban numeradas, o que facía que os acomodadores, lembro a Ventura, entre outros, andaran co *foque* na man a mirar os números, cando xa empezara a película. Polas bandas, os cortinóns separaban o corredor, que cando o cine estaba cheo, tamén ocupaban con cadeiras de abrir. Cando as butacas non eran numeradas, as de atrás de todo e as arrimadas ás cortinas eran as máis solicitadas polas parellas, o que provocaba que moitas veces o acomodador, sen querer, mirara dúas películas en vez dunha e ámbalas dúas de balde. O bo que tiña o Cine Avenida era que os mexadoiros, detrás da pantalla, daban a fóra, onde un pequeno muro os separaba da canexa que ía dar á rúa da Rabuxa, hoxe Matilde Bares, e por alí podíase avanzar e colarse dentro.

Os domingos había unha sesión infantil, de catro a seis, onde proxectaban películas de Tarzán, o Gordo e o Fraco, e cousas así. Para entrar no cine, íase preparado cos petos cheos de chicles, lambonadas, manises e pipas Facundo, o que lle daban as películas unha música de fondo que, o cabo dun tempo, era como se formase parte dela. Como se estivese o caruncho rilla que rilla toda a película. Claro que cando os do galiñeiro deixaban caer as caripas, empezaba a liorta e ía o acomodador á procura do culpable, co foque na man. Sempre había o que fumaba co cigarro escondido, espallando fume polo resplandor do feixe das imaxes pero o peor de todo eran os chicles que deixaban pegados á butaca, e poñían as cueiras dos pantalóns perdidas.

A sesión comezaba sempre polo NODO, “El mundo entero al alcance de todos los españoles”, dicía en branco e negro, e sempre saía Franco, no Pardo, dándolle a man aos compañeiros de carreira, que eran unha chea deles, e mais abrindo encoros, e pescando salmóns, como se non tivese máis que de se ocupar. Despois emitían os anuncios das películas, “próximamente en esta pantalla”, os anuncios de propaganda e o “visite nuestro bar”, dando unha pequena parada para ir a cantina a repoñer.

Comezaba por fin a película en branco e negro, e se as escenas tiraban ao escuro, non se oía un chío. Cando se adivinaba vir un cadro interesante e o que saía na pantalla eran raias e cruces, os devanceiros do maquinista protestaban dende o máis alá, o maquinista era Novas. A apoteose era cando a artista estaba a piques de morrer e chegaba o

Sétimo de Cabalería; entón os aplausos e pateaduras oíanse na Fonte dos Galos, como houbese norte. As películas, todas, tiñan a cualificación moral do clero. Na igrexa parroquial e na porta da capela de San Xosé, xunto coa folla dominical, puñan un papeliño avisando do grao de pecado que podía ter a película, xa previamente censurada. Había de tres estrelas, de dúas e de unha, coma os hoteis. O primeiro era salvar as ánimas do pecado, que o demo non descansaba. Cando eran para maiores de dezaioito anos, pedían o carné na entrada a todo aquel que non se afeitara aínda. Tamén as había para maiores de vinte e un, e con reparos. Faltaban as dos xubilados.

O cine Victoria diferenciábase en que era máis pequeno, alongado, e tiña os butacas costa abaixo. Non tiña corredores laterais para aproveitar mellor o local que era estreito e, nas paredes de baldosa branca a certa altura, estaban encaixados uns adornos de escaiola cunha luceciña verde e outra vermella, alternándose, que se acendían no intre previo de comezar a película. Para o galiñeiro, único, non tiña anfiteatro, subíase por unhas escaleiras exteriores, dende o vestíbulo. Os mexadoiros estaban dispostos do mesmo xeito no proscenio, debaixo da pantalla. As películas que proxectaban eran máis de batalla, de Eddie Constantine, John Wayne e así. Tamén programaron o “Concerto de Bangla Desh” como desagravio. Era maquinista o señor Manolo o Colandro e recollía as entradas o señor Eugenio. O cine estaba situado na rúa do Príncipe, entre a alameda e a taberna de Ferrolán. Tiña un cartel co programa na parede da taberna de Amieiro, pola entrada do Bodegón.

Quedaba un cine máis, en Beluso, o de Guerra, no cruce, na estrada que baixa a Udra. Tiña o cartel anunciador na parede do café Fénix ou de Miranda e non sempre traballaba, aínda que proxectaba películas bastante boas. No mesmo local, teñen organizado baile tamén, cando se trataba de recadar cartos para a festa e outras datas sinaladas.

Houbo películas de sona como *Doutor Zhivago*, chegaron a repañela, ou *A muller X*, un melodrama no que as mulleres choraban como madalenas. Cando proxectaban unha de Marisol ou de Joselito, non se cabía dentro. Os cines animaban as rúas, polo menos as horas do comezo, sempre había xente fóra e axudaban a vivir as vellas que se puñan á porta, cun banquiño e unha cesta a vender lambetadas, cigarrros soltos e contos do *Jabato*, como a señora Rosa. Os cines tamén propiciaron amores e serviron para que estivesemos tranquilos, pois grazas o NODO, sabíamos que Franco seguía a pescar e a xogar ao golf, cunha cara de saúde que daba gusto miralo, polo que podíamos durmir sen nos preocupar de nada. Xa se preocupaba el por nós.